

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACION "MONTEDO GOZO" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERAPÉUTICO-EDUCATIVO "PROXECTO HOME" DE ATENCIÓN INTEGRAL DE PERSOAL EN RISCO E CON TRASTORNOS ADICTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO PROGRAMA DE TRATAMENTO E REHABILITACIÓN, EN RÉXIME DE COMUNIDADE TERAPÉUTICA, DA DEPENDENCIA ALCOHÓLICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita Subdirección é responsable de coordinar a elaboración dos obxectivos asistenciais dos acordos de xestión e de coordinar a xestión da rede de centros asistenciais de drogodependencias, asumindo as funcións que se lle asignan ao comisionado do Plan de Galicia sobre drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcoholícas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcoholícas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma Galega dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

Que a Fundación "Monte do Gozo" desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia o programa terapéuticoeducativo "PROXECTO HOME" cos seguintes subprogramas: Programa Tradicional, Programa Educativo para Mozos e Adolescentes, Programa de Alcoholismo, Comunidade Terapéutica Urbana, Programa de Cocaína, Programa de Ludopatías, Comunidade Terapéutica Intrapenitenciaria, Centro de Acolida Inmediata "O Meu Lar", e Programa "ACOUGO" de Patoloxía Dual.

Que a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, a través do programa de tratamento e rehabilitación do enfermo alcoholíco, pretende dar unha alternativa terapéutica e rehabilitadora ao enfermo alcoholíco, tendo como obxectivos lograr unha maior autonomía, o cumprimento das prescricións e os resultados clínico asistenciais axeitados nesta tipoloxía de casos. O Servizo Galego de Saúde ten formalizado con data 2/5/19, o instrumento convencional indicado no encabezamento.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación "Monte do Gozo" para o desenvolvemento dos seguintes programas:

A) Programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas atendendo aos principios de anonimato, voluntariedade, universalidade e gratuidade da asistencia.

B) Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcoholíca.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no interese das partes asinantes no establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento de medidas e accións contidas no Plan de trastornos aditivos de Galicia co fin de reducir, na medida do posible, a problemática presentada polo consumo de drogas na comunidade autónoma galega, así como en materia de atención a persoas con problemas graves e persistentes en relación co alcohol para garantir a súa atención preferente no marco do Plan Estratéxico de Saúde Mental.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, tendo en conta o obxecto do convenio e o seu contido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.

